

MARCOS VALCÁRCEL LÓPEZ

Naceu en Ourense, en 1958.

Doutor en Xeografía e Historia, especialidade Historia Contemporánea. Actualmente é profesor de Lingua e Literatura de Ensino Medio.

Entre os seus traballos de investigación, adicou maior atención á Historia Política no periodo 1900-1936 e ó estudio do galeguismo, ademais de abordar temas relacionados cos medios de comunicación galegos e coa obra dos escritores ourensáns, vistos desde a dobre perspectiva da historia e a literatura.

Cómpre destacar os seus libros *“A prensa en Ourense e a súa provincia. Catalogación e estudio”* Ourense, 1987; a edición e estudio

introdutorio do volume *“Dos años de agitación política (Basilio Álvarez no Parlamento)”*. Sada, 1992; *“Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento”* En colaboración con Xosé R. Quintana. Vigo, 1988.

Colabora con regularidade en múltiples medios de comunicación galegos, entre eles *“La Voz de Galicia”*, *“O Correo Galego”*, *“Faro de Vigo”*, e en revistas como *“Grial”*, *“A Trabe de Ouro”*, *“Luzes de Galiza”* e *“A Nosa Terra”*.

Actualmente é presidente do Clube Cultural Alexandre Bóveda de Ourense, desde a súa fundación en 1989.

O ESCRITOR CONVERTIDO EN CIUDADAN

Marcos Valcárcel


Ourense, o eixo central da maior parte da obra narrativa blancoamoriana. Tal realidade xa foi



ben destacada por diversos autores: Ourense, a alma inconfundible das novelas «*La catedral y el niño*» (1948), «*A Esmorga*» (1959), «*Xente ao lonxe*» (1972) e do libro de relatos «*Os Biosbardos*» (1962). Non, infrecuente a relación da produción literaria dos escritores coa súa patria máis inmediata, o seu lugar de nacemento; no caso de Blanco Amor, en calquera caso, esta relación semella case obsesiva, continuada no tempo durante máis de catro décadas e quizais sorprendente, en última instancia, cando falamos dun escritor que pasou boa parte da súa vida nos

ambientes cosmopolitas de Buenos Aires e doutras cidades hispanoamericanas, moi diferentes de seguro do Ourense provinciano que el abandonou con só dezanove anos de idade. Por certo, Gonzalo Torrente Ballester laiábase nunha entrevista, hai xa varios anos, polo feito de que escritores como Eduardo non escribiran a epopeia da emigración galega a América, feito sen dúbida orixinal e específico do noso país, que ten escasa tradución literaria, polo menos ata a actualidade.

O certo é que Blanco Amor preferiu como obxecto dominante da súa obra, sempre chea de lembranzas autobiográficas, a análise entre irónica, lírica e sentimental da vida pecha-



da dunha pequena cidade de provincias nos incicios do noso século. Unha visión que ten diferentes perspectivas e plurais enfoques: desde o mundo señorial e, o señorío decadente de «*La catedral y el niño*», ata a voz colectiva, reivindicativa e militante do proletario socialista de «*Xente ao lonxe*», pasando polo fatalismo e a alienación na que se moven os personaxes marxinais do lumpenproletariado e dos baixos fondos de Auria en «*A Esmorga*». Retrato, pois, que se pretende global e totalizador e que non carece de egrexios precedentes mesmo na literatura española decimonónica: «*La Regenta*», de Clarín; «*Doña Perfecta*», de Benito Pérez Galdós ou «*El obispo leproso*» de Gabriel Miró son algúns dos exemplos que se poderían aducir neste sentido. Como ten sinalado Carlos Ruiz Silva, en todas estas obras encontramos o retrato da vida nunha cidade provinciana, interior e aillado, onde a Igrexa e o Bispado teñen aínda un forte peso sobre a vida dos cidadáns, o que xustifica un enfoque novelístico de crítica cara as estruturas sociais inxustas e do poder e da intolerancia relixiosas (Introducción edición de «*La Parranda*», Madrid, (1985)). O escritor apostou decididamente pola novela urbana, rompendo co tradi-



cional ruralismo das letras de pre- guerra e moi consciente da necesidade de abrir a literatura galega ós

“a la novelística le faltan obras de ciudad. Se insiste mucho en el campo y el campesino ya no existe” (LA VOZ DE GALICIA, abril 1976).

Ourense foi, asimismo, obxecto de preocupación central do *Cidadán* Eduardo Blanco Amor. Si, do cidadán, porque, ó carón do escritor, foi tamén Blanco Amor un gran cidadán, preocupado pola evolución e o futuro da súa cidade natal, tema recorrente nos seus escritos periodísticos. Disto imos falar agora, baseándonos nos artigos que publicou en *La región* e na *Hoja del Lunes* de Ourense, entre 1967 e 1972, recollidos posteriormente en formato de libro por Maribel Outeiriño baixo o título *La peligrosa aventura de vivir en un pueblo* (Ourense, 1990).

vida. Compromiso que se manifesta sempre desde a liberdade intelectual e desde a total independencia partidaria, o que é compatible con algunhas contradicións da súa evolución política, tal como ten posto de manifesto Gonzalo Allegue na súa extraordinaria biografía do escritor. A espera do estudio de Luis Pérez sobre os escritos periodísticos do autor de «*A Esmorga*», non é difícil adiviñar que un fondo achegamento á súa personalidade non pode obviar esta parcela tan importante, que exerceu como profesión e que adicou moitas horas na súa vida: “*el periodista sin más es aquel capaz de coger al vuelo el hecho vivo que no solo formula en noticia, sino que lo sacude, lo exprime, lo abre, y, arúspice de sus menudillos, quie-*



novos espacios das cidades contemporáneas; así o manifesta nunha entrevista coa periodista María do Carmen Parada cando lle indica que

En principio, é xa a propia vocación periodística de Blanco Amor, a mellor mostra do seu compromiso cívico, constante ó longo da súa


re ver en su temblor lo que el hecho puede simbolizar como significado“. Estamos, pois, ante o periodista comprometido co seu ofi-

cio, o xornalista que vive nos seus últimos anos o complexo proceso de transición política do seu país participando desde os xornais nos grandes debates culturais e políticos do momento e apostando, sen ningún xénero de dúbidas, pola Autonomía e a conquista para a súa terra do seu dereito ó autogoberno desde posicións non maximalistas, pero si firmes e coherentes. Gardamos os seus artigos dos anos setenta en *LA VOZ DE GALICIA* e alí encontramos ó escritor reflexionando sobre temas cruciais da nosa realidade política e cultural: ¿Quen son escritores galegos? ¿Que modelo de Estatuto e de autonomía necesita Galicia? ¿Cal é o futuro do noso idioma? etc. Hai que engadir que as súas posicións non sempre foron ben entendidas e a súa participación directa en certos eventos políticos (Como as manifestacións proautonomistas do 4 de nadal) foron causa de certas distancias políticas e mesmo dalgunha polémica na prensa, como a que mantiña, por exemplo, co escritor Xosé Luis Méndez Ferrín, resolta finalmente desde a amizade e cunha exquisita elegancia intelectual de quen se definía (ó parecer conforme a unha expresión agarimosa de Castelao) como *galeguista por libre*.

Nos artigos antes citados encontramos a un cidadán moi crítico con algúns aspectos da vida urbana de Ourense, sempre en loita contra unha concepción provinciana e localista da mesma, pero que é quen de reivindicar, ó mesmo tempo, un outro ourensanismo diferente. Velá o autorretrato que fai da súa propia xeración da adolescencia e mocidade: “*Todos éramos lo que fue Luis*

(Madriñán): orensanos de nación pero, además de vocación, de conciencia vigilante; hijos de trabajadores, de funcionarios, mayormen-

festación de exacerbado ourensanismo: “Yo nunca fui otra cosa que orensano; es mi radical separatismo, mi patria irrenunciable por



te de esa clase media orensana que, en lo esencial, ignoraba la presencia de los ricachones maragatos y que suplía, con ventaja, a una aristocracia inexistente; todos unidos por una fraternidad orensana, que aun no se clasificaba por marcas de autos y que nunca supo de otros desniveles que los que van desde la agudeza a la tontería, de la sencillez a la soberbia y del don de gentes a la insolencia chabacana”.

Noutro artigo, publicado anos antes en Buenos Aires (*Rapsodia orensana*, en «Galicia» n.519) fai esta mani-

festación de exacerbado ourensanismo: “Yo nunca fui otra cosa que orensano; es mi radical separatismo, mi patria irrenunciable por

O escritor afirma que lle doe o seu pobo, como a Unamuno le doía España, e censura acremente, pese á difícil situación política da época, “*los disparates urbanísticos en los que nuestra ciudad está dejando sus gracias caracterizantes que cualquier tipo de progreso inteligente exigía no destruir sino modificar juiciosamente para asegurar su pervivencia*”. A cidade medra, nacen novos barrios, está a xurdir xa

o boceto dunha gran cidade, moi diferente da pequena vila dos inicios do século. Pero o escritor relembra, desde a saudade, aquel “*burgo sutil, apasionado, vibrátil, dialéctico, entusiasta*”, centro dun pobo sensible e dunha intelectualidade popularizada. A finais dos anos sesenta as cousas eran xa diferentes. Son os anos da Torre de Ourense e do Palacio dos Deportes (Pavillón), “*suntuosas realizaciónes*” das que o escritor parece sentirse orgulloso,

como xeración de «*La Centuria*», a revista fundada en 1917 por Vicente Risco; era o Ourense de Euxenio Montes, dos irmáns Álvaro e Augusto de las Casas, de Xosé R. Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey), de Xavier Bóveda, de Sebastián Martínez Risco, de Cándido Fernández Mazas e do conxunto dos homes de «*Nós*», maiores en idade (ver “*Lembranzas con Sebastián Risco*” e “*Xeneracións ourensanas*”, ambos en *LA VOZ DE GALICIA*, 16-X-1977 e 25-VII-1979

hayan pasado sino porque este Orense no es de si mismo sino producto de una «otredad» más general que mantiene forasteros a tantos españoles. Esa es la clave. Y sin culpa directa para nadie”.

Blanco Amor aposta claramente polo mundo urbano e pola modernización: non se trata, pois, dunha relembanza nostálgica dun pasado irrepetible ou dunha mítica Idade de Ouro como disfraz de posicións conservadoras. Non é iso. Pero o seu ideal urbano é outro e, na súa concepción, a nova urbe debería conxuntar a tradición e a modernidade, a cultura e o desenvolvemento económico, a natureza e o urbanismo. Véxase, nesta liña, a oportuna alusión ás cidades do Renacemento ou do Romantismo como modelos a seguir ou esta sagaz consideración: “*el progreso de las ciudades si solo atiende a lo visual, a lo práctico y hasta a lo confortable, es insuficiente por la sencilla razón de que el hombre no es solo su cuerpo*”, afirma insistindo na necesidade dunha política de desenvolvemento cultural e de mobilización das consciencias.

Desde este punto de vista non parece moi ousado afirmar que nestes artigos dos anos sesenta e primeiros setenta escóndese, de forma implícita, toda unha teoría da cidade moderna. Teoría moi actual desde diferentes perspectivas: velái a súa permanente reivindicación da creación de espazos verdes, parques e lugares de lecer (a denuncia do *Xardín do Posío xa desfigurado*, da *Alameda destruída polos gamberros*, de *parques como pañuelos*, etc.). Tamén a campaña que desenvolve en varios



sobre todo se se convirten en “*elementos incitantes para la aglutinación, para la proyección comunitaria*” e na confianza de que na Torre se instale un Ateneo cultural. Pero volve a menudo a lembrar o Ourense dos anos dez, vinte e trinta (“*una ciudad microcosmos, un pequeño burgo que contaba entre los más avanzados de España*”) ou a loubar o papel de Ourense no Rexurdimento da cultura galega no século XIX, destacando moi especialmente o papel de Lamas Carvajal, primeiro gran difusor dun galego de masas desde a prosa e o periodismo. A menudo tamén relembra o Ourense da súa xeración, que el identifica (aviso para catalogadores)

respectivamente).

No presente asoman as sombras para o escritor: aquela integración de convivencias que caracterizaba a Ourense da súa mocidade xa rachou, afirma, par engadir despois que “*Orense ofrece ahora, porque se trata del ahora, una imagen de frivolidad, de ordinariéz, de infencundidaz, de insignificancia, que trata de cubrir su déficit con un materialismo precipitado e insuficiente en lo que tendría que ser su imagen total*”. Noutra ocasión confésase forasteiro na súa Auria natal, non polo tempo cronolóxico, senón polo «tempo» vital: “*que ya no soy de este Orense, no porque los unos*

artigos en contra da urbanización do Montealegre, iniciada por unha orde relixiosa e para o que reclama a súa conversión en zona verde, a xeito de “*parque vertical como los jardines colgantes de Alejandría*”. E, sobre todo, a súa sana obsesión a favor das árbores, que o levou a manter entrevistas sobre esta cuestión co alcalde da cidade, alcumado de *arboricida* polo creador de «*Os biosbardos*». Cando viaxa a Madrid ou a Barcelona aproveita para lembrar nas súas crónicas que nestas cidades se pranta

tamén son vida e cultura.

Moitos outros aspectos se poderían apuntar para subliñar aínda máis esta vocación cidadá do escritor: as protestas contra os ruidos das motos e das televisións dos bares nocturnos, os autobuses case clandestinos e sen información para os usuarios, a reclamación da necesaria estación de autobuses para desconxestionar o tráfico urbano, as protestas polo traslado da estatua de Concepción Arenal en contra da opinión popular,

Merecerían comentario aparte as súas opinións sobre a xuventude, sempre interesantes, e as súas reflexións sobre o gamberrismo e vandalismo urbanos, resumidas na súa peculiar teoría sobre os “*badocos*” e “*neobadocos*”, a que adica varios artigos apoiándose nas teses do home-masa de Ortega y Gasset.

Todos os feitos relacionados coa vida cultural e tamén coa apatía dos ourensáns ante a mesma teñen un destacado protagonismo nas páxinas periodísticas do escritor. A denuncia das infames condicións da Biblioteca pública (entón nos baixos da Deputación) e a reivindicación dun novo edificio para Casa de Cultura e biblioteca (que motiva unha actuación da Inspección General do ramo), a petición dunha Aula de Cultura da Caja Provincial, a problemática suscitada polo futuro Ateneo a situar na Torre, o cine como feito cultural de primeira liña e a crítica censura moral das películas (“*crítica de sacristía*”), son algúns dos temas abordados, sempre con ironía, fina intelixencia e sensibilidade. En definitiva, coa elegancia e sabiduría dun gran escritor e intelectual para o cal “*la actitud culta consiste en no pre-juzgar, sin hacer un esfuerzo para entender, y la inculta en rechazar lo que en otros orbes culturales sucede, simplemente porque en su concepción de la cultura no coincide con la nuestra*”. Rematemos finalmente con esta definición de Ortega, moi citado nestas páxinas, que tamén asume como propia: “*Cultura es lo que se salva del naufragio vital, lo que permite al hombre vivir sin que su vida sea tragedia o radical envilecimiento*”.



árbores alí onde quedan ocos disponibles. “*Orense abrasado, mineral, antipático, color de desierto*”, así definía o noso escritor a cidade da época, para logo lembrarle ós alcaldes da época, desde un intuitivo sentimento ecoloxista, que as árbores

etc. “*Orense, ciudad opulenta*”, dirá noutro artigo de *LA VOZ DE GALICIA* (12-IV-1977), cos mellores escaparates de Galicia e as peores librerías (“*no hay ninguna que se dedique exclusivamente a vender libros*”, comenta sempre sardónico).